

ENTREVISTAS 4-5 BRUNO LATOUR CUESTIONARIO

4/12 DÓNDE ATERRIZAR.

1. A idea da emancipación da natureza foi un concepto clave do mundo moderno, ¿cal sería o concepto clave do mundo actual?, ¿que relación ten coa noción de *territorio*?, ¿que entende Bruno Latour por *territorio*?, ¿que importancia ten o territorio para o suxeito do mundo actual?
2. ¿Que son as clases xeosociais?, ¿que relación gardan coas nocións de *territorio*, *dependencia* e *globalización*? Explica o exemplo que aporta o filósofo francés falando do Brasil e da Bretaña: ¿Que teñen en común dous territorios tan lonxanos o un do outro?, ¿por que sería correcto falar de *territorio* no sentido en que o fai Latour?, seguindo con este exemplo, ¿quen pertencerían a unha mesma clase xeosocial?, ¿por que motivo?
3. ¿En que consiste a *Nova Política* da que fala Bruno Latour?, ¿en que se diferencia da vella política?, ¿podes explicar a referencia a Rousseau?

5/12 LA NUEVA CLASE ECOLÓGICA.

1. ¿Cal é a ideoloxía da burguesía?, con outras palabras, ¿que nome recibe a súa visión económica e política da sociedade?, ¿con que ideais ou valores identifica Bruno Latour esta ideoloxía?, fronte á clase burguesa, ¿cal é a ideoloxía do proletariado?, ¿cales son ideais ou valores desta visión do mundo?
2. ¿Cales son as cuestións políticas de hoxe en día?, ¿cales son as características da nova clase ecolóxica?, ¿en que aspectos esta nova clase xeosocial é realmente nova?, ¿en que outros aspectos as novas clases xeosociais son clases en sentido tradicional ou marxista?, ¿cal sería a nova noción de *conciencia de clase*?, ¿que significaría esta renovada toma de conciencia?, tomar conciencia, ¿de que?; por outra parte, ¿en que novo sentido habería que interpretar a *fraternidade* ou *solidariedade* de clase?, ¿en base a que criterios se definen as alianzas na *Nova Política*?, ¿quen son os amigos ou socios, quen son os adversarios ou enemigos desta nova clase ecolóxica?
3. ¿Por que considera Latour que, hoxe en día, a visión liberal-burguesa resulta irracional?, ¿por que afirma que a nova clase ecolóxica é mais racional que a burguesía?, ¿que ven a representar fronte á burguesía esta nova clase ecolóxica?, ¿que crítica formula Latour ao concepto liberal de *autonomía*?, ¿en que sentido discrepa da noción de *progreso*?, para Latour e a nova clase xeosocial, ¿cales serían os conceptos alternativos aos ideais burgueses de *autonomía* e *progreso*? Aporta a túa explicación deste novo vocabulario xeosocial.